



CALENDARIO EDUCACIÓN DE ADULTOS A DISTANCIA 2024/2025

Sem	L	M	Me	X	V	S	D
-----	---	---	----	---	---	---	---

PRESENTACIÓN - DATAS DE AVALIACIÓN-

Días

01	2	3	4	5	6	7	8
02	9	10	11	12	13	14	15
03	16	17	18	19	20	21	22
03	23	24	25	26	27	28	29

Set.

SETEMBRO			
Presentación do curso	11		
Inicio curso ESAD	12		
Probas de Avaliación Inicial ESA C-1	13		

04	30	1	2	3	4	5	6
05	7	8	9	10	11	12	13
06	14	15	16	17	18	19	20
07	21	22	23	24	25	26	27
08	28	29	30	31			

Out.

OUTUBRO			
Día do ensino	31		

08				1	2	3	
09	4	5	6	7	8	9	10
10	11	12	13	14	15	16	17
11	18	19	20	21	22	23	24
12	25	26	27	28	29	30	

Nov.

NOVEMBRO			
Exames 1ª aval. C-1 ESA	8	Notas 15	Revisión 15/18

12						1	
13	2	3	4	5	6	7	8
14	9	10	11	12	13	14	15
15	16	17	18	19	20	21	22
16	23	24	25	26	27	28	29
17	30	31					

Dec.

DECEMBRO			

17			1	2	3	4	5
18	6	7	8	9	10	11	12
19	13	14	15	16	17	18	19
20	20	21	22	23	24	25	26
21	27	28	29	30	31		

Xan.

XANEIRO			
Exames Finais C-1 ESA	24	Notas 31	Reclamacións 31/3

21					1	2	
22	3	4	5	6	7	8	9
23	10	11	12	13	14	15	16
24	17	18	19	20	21	22	23
25	24	25	26	27	28		

Feb.

FEBREIRO			
Probas de Avaliación Inicial ESA C-2	3		
Matrícula C-2 ESA	4 ao 6	(se non vai ao exame extra. 28 feb)	
Exames Extra. C-1 ESA	28	Notas 7	Reclamacións 7/10

25					1	2	
26	3	4	5	6	7	8	9
27	10	11	12	13	14	15	16
28	17	18	19	20	21	22	23
29	24	25	26	27	28	29	30

Mar.

MARZO			
Re-Matrícula C-2 ESA	11 ao 13	(se vai ao exame extra. 28 feb)	

30	31	1	2	3	4	5	6
31	7	8	9	10	11	12	13
32	14	15	16	17	18	19	20
33	21	22	23	24	25	26	27
34	28	29	30				

Abril

ABRIL			
Exames 1ª aval. C-2 ESA	4	Notas 11	Revisión 11/22

34				1	2	3	4
35	5	6	7	8	9	10	11
36	12	13	14	15	16	17	18
37	19	20	21	22	23	24	25
38	26	27	28	29	30	31	

Maio

MAIO			
Exames Finais C-2 ESA	23 maio	Notas 2 xuño	Reclamacións 2/3

38						1	
39	2	3	4	5	6	7	8
40	9	10	11	12	13	14	15
41	16	17	18	19	20	21	22
42	23	24	25	26	27	28	29
43	30						

Xuño

XUÑO			
Exames Extra. C-2 ESA	20	Notas 24	Reclamacións 24/25



Novidades AULA VIRTUAL:


Entrando no enlace <https://distancia.iessanclemente.net/> accédese á nova plataforma de ensino de adultos a distancia co noso usuario e contrasinal.

O alumnado fai a matrícula na ESA ou no Bacharelato a distancia vía web, na páxina <https://matricula.iessanclemente.net>, achegando a continuación o impreso de matrícula e a documentación necesaria por correo postal á atención do persoal da oficina co asunto *Matrícula Bacharelato* para a súa formalización (IES San Clemente, rúa San Clemente s/n, CP 15705, Santiago de Compostela). **A matrícula non se considera formalizada ata a recepción do impreso e a documentación.**

O alumnado pode ler ás instrucións sobre o proceso de matrícula online na web do centro en [novas](#).

O alumnado matriculado nestas ensinanzas recibirá na súa conta de correo o usuario e contrasinal para acceder á [Aula Virtual do IES San Clemente](#).

Dende o enderezo <https://alumnado.iessanclemente.net> o alumnado matriculado nas nosas ensinanzas poderá ter acceso ás aulas virtuais das materias ou ámbitos da súa matrícula cando se rexistre na plataforma.




O alumnado poderá comprobar que a súa matrícula está correcta entrando desde a barra vertical negra da esquerda na sección “Matrícula / Notas”(véase na imaxe).

Tamén poderá consultar aquí as súas cualificacións despois de cada avaliación.

Sempre que o alumnado detecte algún erro na súa matrícula deberá poñerse en contacto coa oficina do centro canto antes para solucionar o problema.

Neste mesmo enderezo o alumnado poderá **solicitar videotitorías** co profesorado das materias que desexe (Solicitud de Videotitoría).

Nas propias aulas virtuais de cada materia ou ámbito o alumnado tamén pode consultar moita información de interese como se pode ver a continuación:



- No menú principal accédese a área de comunicación co Taboleiro de anuncios no que haberá información actualizada dos asuntos de interese en cada momento.
- En solicitude de videotitorías o alumnado poderá reservar día e hora para unha titoría por videoconferencia para resolver dúbidas sobre a materia. O alumnado poderá comprobar a dispoñibilidade do profesor consultando o seu horario.

■ En información xeral o alumnado da ESA na [Tutoría da ESA](#) poderá consultar o Calendario do curso coas datas dos exames, avaliacións, revisións, etc e dispoñerá de información actualizada de calquera tema de interese sobre os seus estudos por parte da Xefatura de Estudos.

- En información xeral o alumnado poderá consultar o horario do profesor/a e os documentos de interese que o profesor/a da aula vaia colgando:

a) O alumnado poderá comunicarse a través do correo web de cada aula co profesorado. Se o desexa poderá chamar por teléfono ao departamento didáctico no horario presencial do profesor/a.



- b) Nas primeiras semanas o alumnado poderá ver o vídeo de presentación da materia do profesor/a e poderá acceder aos documentos importantes da materia (programación, contidos, criterios de cualificación, modelos de exames, etc).

Na AULA VIRTUAL o alumnado poderá encontrar: materiais, vídeos didácticos, contidos mínimos, criterios de avaliación, resumos da materia e esquemas, propostas de exames e exames resoltos, etc. **TODOS OS MATERIAIS** necesarios para a aprendizaxe das materias estarán dispostos na AULA VIRTUAL. As datas de exames ou calquera información de interese está tamén na páxina web. É moi importante entrar nela (**POLO MENOS 3 VECES Á SEMANA**), coñecela ben, e aproveitala.

TITORÍAS

Cada materia está a cargo dun DOCENTE, que atende **CATRO TIPOS DE TITORÍAS**: TITORÍAS TELEMÁTICAS, TELEFÓNICAS, por CORREO ELECTRÓNICO e PRESENCIAIS.

Todo o PROFESORADO TITOR dedica unha ou máis horas diarias de atención ao alumnado. Na AULA VIRTUAL, en cada materia tedes acceso ao horario semanal da súa titoría.

TITORÍAS TELEMÁTICAS (por videochamada)

O xeito mais RÁPIDO e EFECTIVO e solicitar unha TITORÍA desde a páxina <https://alumnado.iessanclemente.net/> seleccionando a data e a hora na que contactar co profesor ou profesora. É preciso dispoñer de un portátil ou ordenador con cámara web.

Por cada titoría solicitada teremos unha entrada nova con información sobre a mesma. Na data e hora acordada soamente será necesario pulsar na ligazón “Titoría web” para acceder á videochamada co profesor ou profesora da materia.

TITORÍAS por CORREO ELECTRÓNICO e TELEFÓNICAS

Nas horas de TITORÍA TELEMÁTICA é posible chamar aos números de teléfono directos de cada materia que están recollidos na táboa de titorías presenciais, ou ao número xeral do Instituto, o 881867501. Advírtese que cando entra unha chamada e está a ser atendida pola conserxería, non se pode atender outra simultánea xa que o terminal está ocupado. A persoa que chama non escoita sinal de comunicando, polo que debe agardar e repetir a chamada.

Todo o alumnado matriculado ten tamén unha conta de correo electrónico propia dentro da plataforma, onde recibirá informacións, noticias ou avisos. Desde este correo, pode enviarlle mensaxes ao profesorado do centro (e tamén ao resto do alumnado) e terá a oportuna resposta por este mesmo medio. O PROFESORADO TITOR do IES “San Clemente” ocuparase de atender os correos que o alumnado remita e contestalos en menos de 24 horas (en moitos casos incluso sábados e domingos).

TITORÍAS PRESENCIAIS

As TITORÍAS PRESENCIAIS teñen como obxectivo consultarlle ao profesorado as dúbidas que non poden ser resoltas por outro medio. Dada a natureza destas ensinanzas, **estas titorías terán carácter EXCEPCIONAL e deberán ser ACORDADAS PREVIAMENTE co profesorado.**



MATRÍCULA

Na ESA cada curso dura un cuadrimestre. O 1º CUADRIMESTRE remata na última semana de xaneiro e a continuación comeza o 2º CUADRIMESTRE, que remata en xuño. Deste xeito o alumnado pode estudar dous cursos nun mesmo ano.

En cada cuadrimestre haberá dúas convocatorias:

- unha CONVOCATORIA ORDINARIA, na que se fará un EXAME PARCIAL (1ª avaliación) e outro EXAME FINAL.
- unha CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA, na que soamente haberá un EXAME FINAL.

No mes de febreiro, ao rematar o primeiro cuadrimestre, **hai que matricularse de novo** para poder continuar os estudos.

MATRÍCULA DO 2º CUADRIMESTRE

O alumnado que ao rematar o 1º cuadrimestre teña APROBADAS TODAS AS MATERIAS e polo tanto, non precise dos exames extraordinarios, **deberá matricularse para o 2º cuadrimestre nos días 4, 5 ou 6 de febreiro.**

Aquel alumnado con ALGUNHA MATERIA PENDENTE que se presente aos exames extraordinarios deberá facer a rematrícula para o segundo cuadrimestre nos días 11, 12 e 13 de marzo, e xa poderá presentarse aos exames da 1ª avaliación do 2º cuadrimestre o 4 de abril.

Nesta matrícula o alumnado solo debe cumprimentar a folla dos ámbitos non superados ou daqueles que desexe cursar no 2º cuadrimestre.

No apartado MATRICULA/NOTAS <https://alumnado.iessanclemente.net/> aparecerán os datos da matrícula de cadaquén e, despois de cada avaliación, as cualificacións obtidas; **é importante comprobar a correcta matriculación e comunicarlle ao IES San Clemente calquera incidencia detectada.**



PROFESORADO TITOR DE CADA ÁMBITO

ÁMBITOS	PROFESORADO TITOR	TELÉFONO
Ámbito Social M1	Leonel Capote Hernández	881867530
Ámbito Social M2	Javier Poch Gutiérrez	881867530
Ámbito Social M3	Leonel Capote Hernández	881867530
Ámbito Social M4	Javier Poch Gutiérrez	881867530
Ámbito Científico–Tecnolóxico M1	Adrián Pérez Sánchez	881867522
Ámbito Científico–Tecnolóxico M2	Paula Fernández Otero	881867522
Ámbito Científico–Tecnolóxico M3	Adrián Pérez Sánchez	881867522
Ámbito Científico–Tecnolóxico M4	Paula Fernández Otero	881867522
Ámbito de Comunicación + ING M1	Ana Alberte Lista	881867531
Ámbito de Comunicación + ING M2	Xoana Costa Rivas	881867531
Ámbito de Comunicación + ING M3	Ana Alberte Lista	881867531
Ámbito de Comunicación + ING M4	Esteban Fernández Neira	881867523
Francés M3 / M4	M ^a Dolores Gómez Seoane	881867523



EXAMES

Os exames serán sempre os VENRES. En todas as convocatorias manterase o seguinte HORARIO DE EXAMES.

HORARIO DOS EXAMES	
9,30 a 10,30	Ámbito Social
10,30 a 10,45	descanso
10,45 a 12,00	Ámbito Científico Tecnolóxico
12,00 a 12,15	descanso
12,15 a 13,45	Ámbito Comunicación

DATAS DOS EXAMES		
	C1	C2
1 ^a	8	4
Avaliación	novembro	abril
Final	28	23
Ordinaria	xaneiro	maio
Final	28	20
Extraord.	febreiro	xuño

PROTOCOLO A RESPECTAR NOS EXAMES

- O alumnado deberá presentarse ao exame provisto de DNI, NIE, pasaporte ou carné de conducir, e sen gafas de sol, gorros, ou calquera outro elemento que dificulte a súa identificación.
- O alumnado poderá introducir na aula unha mochila, bolso, carteira ou bolsa de deporte, con todas as súas pertenzas, ás cales non poderá acceder mentras estea realizando o exame.
- Durante a realización do exame o alumnado **non poderá acceder á aula con teléfono móbil, reloxo ou calquera outro dispositivo electrónico activados. Tampouco poderá utilizar ningún dispositivo de comunicación non autorizado.**
- O alumnado, unha vez disposto no seu asento e realizada a comprobación **de que non leva dispositivos non autorizados, deberá manter despegados os pavillóns auditivos durante as probas.**
- O profesorado facilitará a realización de exames cando o alumno ou alumna teña dous ou máis á mesma hora, permitindo a realización dos mesmos na hora posterior ou anterior á que figura no horario e no tempo de descanso entre exames, sempre dentro da franxa horaria correspondente á realización de exames.
- Os exames deberán realizarse a bolígrafo azul o negro, salvo indicación expresa.
- Os exames non se poderán facer integramente en letras maiúsculas.
- No caso dos exames tipo “test”, cando exista a opción de facelos en galego ou castelán, o



alumnado responderá soamente nunha das linguas.

- O alumnado deberá permanecer dentro da aula ata pasados como mínimo vinte minutos desde que se repartiron os exames. Dentro dese tempo, permitirase a entrada de novo alumnado ao exame.
- **No caso de que na realización do exame o profesorado detectara a alguén copiando ou non respectando estas instrucións, o alumno ou alumna poderá ser obxecto da seguintes medidas disciplinarias: expulsión da aula, cualificación do exame con 0 puntos e posible anulación das probas xa realizadas.**
- No momento no que un alumno ou alumna remate o seu exame, deberá entregalo e firmar na folla de sinaturas para que quede constancia de que se presentou ao exame. Nese intre presentará a súa documentación para proceder a identificalo.
- Cando o exame entregado conste de dúas ou máis follas, os datos do alumno e do exame deberán figurar en todas as follas. Estas follas gramparanse nese mesmo intre diante do alumno ou alumna.

CUALIFICACIÓNS

Normalmente na semana ou semanas seguintes aos exames celébrase a reunión de avaliación (nos días sinalados no calendario). As cualificacións colocaranse na páxina web (en VER NOTAS) ese mesmo día antes da 15:00 ou antes das 19 horas, ben teña lugar a avaliación pola mañá ou pola tarde, de xeito que calquera alumno poida coñecer as súas notas accedendo a <https://alumnado.iessanclemente.net/> (tamén pode imprimilas).

De seguido á publicación das cualificacións, o profesorado titor terá unha ou dúas datas dedicadas á REVISIÓN DOS EXAMES (previo aviso, cando o alumno/a non estea de acordo coa cualificación).

Cando un alumno/a desexe obter un boletíns de notas oficial, pode pasar a solicitalo e recollelo no IES “San Clemente”, ou ben, solicitalo a través da nosa oficina no enderezo electrónico ies.sanclemente@edu.xunta.gal.

DÚBIDAS E INFORMACIÓN

Calquera información relevante correspondente á ensinanza da ESA, publicarase na páxina web do Instituto (www.iessanclemente.net), e no noso canal de Telegram ([telegram.me/esasanclemente](https://t.me/esasanclemente)).

Ante calquera dúbida XERAL (matrícula, queixa, suxestión, etc.) debes contactar co **COORDINADOR DA ESA, Javier Poch Gutiérrez**, ou coa **XEFA de ESTUDOS, Raquel Rodríguez Blanco**. Cando o problema estea relacionado de forma directa cunha materia, debes dirixirvos ao PROFESORADO TITOR responsable da mesma.